

SÉTIMO CONCURSO DE “FERRETES”

FERRETES: denomínanse así, ironicamente, as coplas ou versos que se recitan na praza Maior, ao rematar a procesión do Enterro da Sardiña.
O contido dos versos debe ter unha boa carga crítica, sobre todo da actividade municipal, pero sempre dentro do respecto, a elegancia e a corrección.

A Concellería de Cultura en colaboración coa asociación “Pepe Barreiro” de Lugo, con motivo da celebración do próximo ENTERRO DA SARDIÑA o día 9 de marzo do 2011, **convoca o 7º premio de ferretes do Entroido 2011** de acordo coas seguintes bases:

- 1º Poderá optar a este premio calquera cidadán sen límite de idade.
- 2º Os traballos terán que facer referencia a acontecementos de actualidade, preferentemente referidos á nosa cidade de Lugo e a Galicia.
- 3º Estarán redactados en galego: o estribillo terá que ser unha estrofa de catro versos heptasílabos e os ferretes recitados, como mínimo de catro e máximo de seis.
- 4º Quedarán anulados aqueles textos e autores dos que teña coñecemento algún membro do xurado antes da reunión para o ditame do concurso.
- 5º Entregaranse na Delegación de Cultura do Concello de Lugo (edificio da praza Maior) antes das 14.00 horas do día 28 de febreiro de 2011, nun sobre dirixido á asociación Pepe Barreiro, no que figurará como remitente un pseudónimo, e no seu interior, outro sobre co nome, enderezo, e teléfono de contacto.
- 6º Reservarase a identidade do autor para protexer a súa liberdade de redacción.
- 7º O ditame do concurso correrá a cargo da xunta directiva da asociación “Pepe Barreiro”. O resultado será inapelable e poderá declararse deserto se así o estima o xurado.
- 8º Os pseudónimos dos premiados faranse públicos, antes da lectura dos ferretes, no templete da música.
- 9º A presentación aos premios desta convocatoria supón a aceptación das súas bases.

10º Os premios estarán dotados con:

Estribillo	150 €	
1º Premio	100 €	
2º Premio	50 €	Total 500 €
3º Premio	30 €	
17 Premios cada un de	10 €	

Lugo, febreiro de 2011